

MEMORIA CONSELLO SOCIAL

Ano 2013

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ano 2013

Memoria Consello Social

CONSELLO SOCIAL
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2014

© CONSELLO SOCIAL - UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

D. L. C 943-2014

Fotografía de portada: Campus na nube

Deseño e Impresión: Campus na nube

De conformidade co disposto no artigo 23.f) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Social, teño a honra de someter á aprobación do Pleno do Consello Social a memoria das actividades do Consello correspondente ao ano 2013.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2014

SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL,

A handwritten signature in black ink, appearing to read "B. Gami". The signature is stylized and includes a long horizontal flourish that extends to the right and then curves downwards.

Sr. Presidente, Sras/es. Conselleiras/os do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

DILIXENCIA

Para facer constar, que o Pleno do Consello Social desta Universidade, na súa sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2014, acordou aprobar a presente memoria de actividades do Consello Social correspondente ao ano 2013.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2014.

SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL.

Vº e Pr.

O PRESIDENTE.

ÍNDICE

ÍNDICE

PRESENTACIÓN DO PRESIDENTE	9
COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL	13
I. EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE	15
II. EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA	15
COMISIÓNS DE TRABALLO.....	18
ACORDOS DO PLENO.....	25
ACORDOS DO PLENO DE 19 DE FEBREIRO DE 2013:.....	27
ACORDOS DO PLENO DE 7 DE MAIO DE 2013:.....	27
ACORDOS DO PLENO DE 26 DE XUÑO DE 2013:.....	29
ACORDOS DO PLENO DE 3 DE OUTUBRO DE 2013:.....	30
ACORDOS DO PLENO DE 11 DE NOVEMBRO DE 2013:.....	30
ACORDOS DO PLENO DE 19 DE DECEMBRO DE 2013:	31
REUNIÓNS E COMPARECENCIAS.....	33
XORNADAS DE PRESIDENTES E SECRETARIOS DE CONSELLOS SOCIAIS.....	35
REUNIÓNS DO CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES	35
REUNIÓNS DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.....	38
OUTRAS ACTIVIDADES	41
LIBRO CONMEMORATIVO DOS XXV ANOS DO CONSELLO SOCIAL	44
PRÁCTICAS EN EMPRESAS E INSTITUCIÓNS	46
PROGRAMA EUROPRÁCTICUM	50
BOLSAS DE COLABORACIÓN ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL PARA O CURSO ACADÉMICO 2013-2014.....	52
LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL.....	59
INFORME DA AUDITORÍA FINANCEIRA DA UNIVERSIDADE.....	63
REGULAMENTO DO CONSELLO SOCIAL.....	67

PRESENTACIÓN

DO PRESIDENTE

PRESENTACIÓN DO PRESIDENTE



Celebración dun pleno. Febreiro 2014

Cumprindo coa obriga legal indicada na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, cómpreme presentar a Memoria de Actividades do ano 2013 do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Neste ano producíronse acontecementos de grande relevancia tanto para o Sistema Universitario de Galicia en xeral como para este Consello Social en particular.

Cómpre resaltar en primeiro lugar que o 13 de xuño deste ano se publicou no DOG a Lei do Sistema Universitario de Galicia que resume toda a lexislación referida ao sistema universitario galego. Dentro dela hai un apartado exclusivo aos Consellos Sociais que substitúe á xa antiga Lei dos Consellos Sociais do ano 2003.

Asemade durante este ano, e como consecuencia da aplicación da dita lei, produciuse á incorporación de novos conselleiros representando a Asociación de Antigos Alumnos da Universidade, aos Colexios Profesionais, así como tamén a dun novo representante dos sindicatos, pasando de dous a tres.

En xaneiro de 2014 produciuse a renovación na presidencia do Consello Social como consecuencia da finalización de mandato de D. Manuel Puga Pereira, a quen se xe lle fixo entrega dunha placa conmemorativa en recordo do seu paso por este órgano de goberno.

Quero aproveitar a ocasión para agradecer dende aquí o labor desenvolvido polos conselleiros santés e especialmente ao seu presidente, xa que coa súa entrega e o seu traballo a prol desta Universidade, fan que este Consello Social sexa punto de referencia e un dos máis activos na Comunidade Galega.

Este ano permitiunos afondar nas actividades xa iniciadas e consolidadas ao longo dos anos, e acometer outras accións que responden á razón de ser como órgano de goberno universitario garante de participación da sociedade na Universidade. Apostamos claramente por unha Universidade moderna e competitiva, e apoiamos decididamente todas as actuacións que se están a levar na procura da calidade, de novas fontes de financiamento que redundarán en incrementar o nivel que nosa Universidade precisa e merece, así como da investigación que se está a levar a cabo na institución e que finalmente reverterá na sociedade. En definitiva apoiamos unha Universidade que é necesaria para a sociedade.

Nestes momentos de grandes cambios a Universidade atópase inmersa en profundas transformacións que son obxecto de debate nos distintos ámbitos sociais. A USC, deste xeito, resposta a unha demanda social en canto a unha sociedade da información e do coñecemento, e como non, a unha aprendizaxe ao longo da vida.

Neste órgano de goberno, ademais das competencias legalmente establecidas e que se traducen nas diversas sesións do Pleno do Consello Social e das súas Comisións, que se reflecten nos diversos acordos adoptados, tamén caben resaltar as distintas actividades a prol da nosa Universidade como son o Programa Nacional de Prácticas en Empresas e Institucións, o proxecto Europracticum de prácticas nos países da Unión Europea, e o Convenio co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela entre outras. Agradezo dende aquí a todas as empresas, institucións e persoas que fixeron posible a súa realización e o seu compromiso coa nosa Universidade.

Por último gustárame aproveitar a ocasión para agradecer o apoio de todos os integrantes do Consello Social, tanto aos conselleiros como ao persoal de administración e servizos, que co seu labor fan posible o normal desenvolvemento deste órgano de goberno da Universidade Compostelán, así como a colaboración brindada polo resto da Comunidade Universitaria .

José María Arias Mosquera
Presidente do Consello Social

COMPOSICIÓN DO

CONSELLO SOCIAL

COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL



Apertura de Curso 2013-2014 del SUG

PRESIDENTE:

Don José María Arias Mosquera

CONSELLEIROS NATOS:

Don Juan José Casares Long
Reitor da Universidade

Dona Lourdes Noya Ferreiro
Secretaria Xeral da Universidade

Dona M^a Lourdes Batán Aira
Xerenta da Universidade

I. EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE

Don Julio Seijas Vázquez
En representación do Persoal Docente e Investigador

Don Antonio Pérez Casas
En representación do Persoal de Administración e Servizos

Don Santiago Piñeiro Edreira
En representación das/os Estudiantes

II. EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA

A.- CONSELLEIROS DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA

Don Juan Bautista de la Salle Barreiro Pérez
Don Enrique Feáns García
Don Jesús Couceiro Rivas
Don Raúl López López
Dona María Isabel Salazar Bello
Don José Sierra Fernández

B.- CONSELLEIROS DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA

Don Carlos Martí Mallén
Dona Marta Álvarez Montes
Don Manuel Luís Silva Constenla
Don Miguel Ramón de la Calle Amaro
Don José Manuel Chousa Vázquez
Dona Blanca de Cora García-Montenegro

C.- CONSELLEIROS DESIGNADOS POLOS SINDICATOS

Don José Rábade Arias
Don Emilio Crespo Correa
Dona Marta Ferreiro Fernández

D.- CONSELLEIROS DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

Don Jesús José Chenel Noya
Don Jesús Méndez Álvarez-Cedrón
Dona Carmen Fernández Vilas
Dona María Caeiro Rey

**E.- CONSELLEIROS DESIGNADOS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS DOS
CONCELLOS DOS CAMPUS**

Dona Rebeca Domínguez Iglesias
Don Luís García Santalla

F.- CONSELLEIROS DESIGNADOS POLOS COLEXIOS PROFESIONAIS

Dona M^a Rosa Álvarez Prada

G.- CONSELLEIROS DESIGNADOS POLA ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS DA USC

D. José Santiago Pérez

SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL

Don José Benigno Carril Pérez

CESES E NOMEAMENTOS AO LONGO DO ANO

Nos Decretos 5/2014 e 6/2014, de 23 de xaneiro, con data de publicación o 24 de xaneiro de 2014, se dispón o cese como presidente do Consello Social da USC de D. Manuel Puga Pereira e o nomeamento como presidente do Consello Social da USC de D. José María Arias Mosquera.

Na Orde do 7 de marzo de 2013, publicada o 15 de marzo de 2013, se nomeou a D. Santiago Piñeiro Edreira en substitución de D. Adrián Dios Vicente en representación dos/as estudantes.

Na Orde do 13 de novembro de 2013, publicada o 22 de novembro de 2013, se nomearon aos seguintes conselleiros:

D. Emilio Crespo Correa en representación do sindicato CCOO.

D^a. Marta Ferreiro Fernández en substitución de D. Anxo Louzao Rodríguez como representante do sindicato CIG.

D. José Rábade Arias en substitución de D. Jesús Otero Calvo como representante do sindicato UGT.

D. José Santiago Pérez en representación da Asociación de Antigos Alumnos da USC.

D^a. M^a Rosa Álvarez Prada en representación dos Colexios Profesionais.

D. Luís García Santalla en substitución de D. Francisco Martínez Iglesias como representante do Concello de Lugo.

COMISIÓNS D

D E T R A B A L L O

COMISIONES DE TRABAJO



Apertura de Curso 2013-2014 del SUG

No Pleno do Consello Social do día 29 de xuño de 2009, ao abeiro do artigo 22 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Social sancionado pola Resolución do 22 de abril de 2004 (DOG nº 90 de 11 de maio de 2004) acordouse, a creación das seguintes comisións de traballo do Consello Social de carácter estable: Comisión Executiva, Comisión Económica, Comisión Académica e Comisión de Relacións coa Sociedade. Os acordos das comisións requirirán a aprobación do Pleno.

Ase mesmo, neste mesmo pleno se acordou a creación de tres vicepresidencias: Vicepresidente da Comisión Económica, Vicepresidente da Comisión Académica e Vicepresidente da Comisión de Relacións coa Sociedade, que presidirán cadanseu a súa correspondente comisión; a Comisión Executiva será presidida polo Presidente do Consello Social.

Os integrantes das comisións désígnanse de entre os membros do Consello Social.

COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL

- D. José María Arias Mosquera (Presidente do Consello)
- D. Juan Casares Long (Reitor da USC)
- D^a. Lourdes Batán Aira (Xerente da USC)
- D^a. María Caerio Rey (Vicepresidenta da Comisión Académica)
- D. Juan B. De la Salle Barreiro Pérez (Vicepresidente da Comisión Económica)
- D. Enrique Feáns García (Vicepresidente da Comisión de Relacións coa Sociedade)
- D. Carlos Martí Mallén
- D. Jesús Méndez Álvarez-Cedrón

COMISIÓN ECONÓMICA

- D. Juan Bautista de la Salle Barreiro Pérez (Vicepresidente da Comisión Económica)
- D^a Lourdes Batán Aira
- D. Jesús Méndez Álvarez-Cedrón
- D. Carlos Martí Mallén
- D. José Sierra Fernández
- D. Antonio Pérez Casas
- D. Jesús Chenel Noya
- D. Miguel de la Calle Amaro

COMISIÓN ACADÉMICA

- D^a. María Caerio Rey (Vicepresidenta da Comisión Académica)
- D. Julio Seijas Vázquez
- D^a. Lourdes Noya Ferreiro
- D. Raúl López López
- D^a. Isabel Salazar Bello
- D^a. Marta Álvarez Montes

COMISION DE RELACIÓNS COA SOCIEDADE

D. Enrique Feáns García (Vicepresidente da Comisión de Relacións coa Sociedade)
D. Manuel Silva Constenla
D^a. Blanca de Cora García-Montenegro
D^a. Carmen Fernández Vilas
D^a. Rebeca Domínguez Iglesias
D. Jesús Couceiro Rivas

CONSELLEIROS DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE GOBERNO DA USC

D. Miguel de la Calle Amaro
D^a Rebeca Domínguez Iglesias

REPRESENTANTES DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN DE MECENADO E COLABORACIÓN DA USC

D. José María Arias Mosquera
D. Enrique Feáns García
D^a. María Caeiro Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE XESTORA DE INTERESES

D. Carlos Martí Mallén

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA FUNDACIÓN USC-DEPORTIVA

D. Raúl López López

A C O R D O S

D O P L E N O

ACORDOS DO PLENO



XVIII Asamblea Xeral Ordinaria da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC

Acordos do pleno de 19 de febreiro de 2013:

- Ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva celebrada o día 24 de xaneiro: Aprobación da Cátedra de Educación Médica; Aprobación da participación da USC en empresas de base tecnolóxica; Aprobación de prezos de bolsas de comedor do SUR da USC para o curso 2012-2013; Aprobación de taxas de cursos de posgrao propios e información de memorias; Aprobación de aceptación de doazón; Aprobación de depósito de manuscrito de Valle-Inclán; Información sobre convenios da USC; Informe de modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Informe de revogación de Másters universitarios Oficiais.
- Informe de retirada da oferta de másteres universitarios oficiais para o curso 2012-2013.
- Informe de modificacións de titulacións oficiais: Grao e Másteres.
- Aprobación de complementos retributivos autonómicos.
- Aprobación de desestimación de sexenios.
- Informe de modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Aprobación de cesión de patentes.
- Aprobación da creación da Plataforma de Citometría.
- Informe de modificación do convenio de ITMATI.
- Información de memorias de cursos de posgrao propios.
- Aprobación de doazón.
- Información sobre convenios da Universidade.
- Elección dun representante do Consello Social no Consello de Administración de Unixest.

Acordos do pleno de 7 de maio de 2013:

- Ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva do 10 de abril: Aprobación de prezos de aloxamento no Sistema Universitario de Residencias (SUR) da USC para o curso 2013-2014; Aprobación de prezos de aloxamento no SUR da USC para estudantes de mobilidade internacional para o curso 2013-2014; Aprobación de prezos de aloxamento no SUR da USC, para membros da comunidade universitaria ou alumnos da universidade de verán 2013; Aprobación de prezos de aloxamento no SUR da USC para Congresos no curso 2013-2014; Aprobación de prezos de aloxamento no SUR da USC para Visitantes no curso 2013-2014; Información de memorias de cursos de posgrao propios; Aprobación da proposta de asignación de complementos por mérito docente – convocatoria



Día Internacional dan Mulleres. D. Manuel Puga Pereira, D. Juan J. Casares Long, D^o M^a Carmen Pardiñas Añón

2012; Complementos retributivos autonómicos (reclamación); Aprobación de aceptación de doazón; Informe sobre convenios da Universidade.

- Aprobación da Memoria Anual do Consello Social do ano 2012.
- Informe de Programación Plurianual de obras RAM para o curso 2013-2014.
- Informe de modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Informe de modificación do Máster en Investigación en Ciencias da Visión
- Informe da retirada da oferta académica de Másteres Universitarios Oficiais para o curso 2013-2014.
- Aprobación de prezos da Escola Infantil Breogán e das axudas para escolarización dos nenos e nenas menores de tres anos no Campus de Lugo (Cheque Bebé).
- Informe de modificación do programa Escola de Altos Estudos Musicais
- Aprobación de prezos do Programa de Atención a Estudantes de fora da UE (PATEX).
- Aprobación de taxas de Cursos de Posgrao Propios e información de memorias.
- Aprobación de tarifas por servizos prestados pola USC para o ano 2013.
- Aprobación do expediente de incorporación de remanentes.
- Informe sobre convenios da Universidade

Acordos do pleno de 26 de xuño de 2013:

- Informe da Auditoría da USC do exercicio económico 2012, e informe da auditoría das sociedades mercantís: Unixest, Unidixital, Uninova, Unirisco e Cursos Internacionais da USC do exercicio económico 2012.
- Aprobación da Memoria Económica do exercicio 2012 da USC e Sociedades Participadas: Contas Anuais e Informe de Xestión.
- Proxecto de decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos condcentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2013-2014.
- Aprobación de tarifas por servizos prestados pola USC para o ano 2013.
- Informe de modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Aprobación de complementos retributivos autonómicos.
- Informe de modificacións de titulacións oficiais: Grao e Máster.
- Aprobación da participación da USC en empresas de base tecnolóxica.
- Aprobación de taxas de Cursos de Posgrao Propios e información de memorias.
- Aprobación de doazóns.
- Informe sobre convenios da Universidade.

Acordos do pleno de 3 de outubro de 2013:

- Ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva do 11 de xullo: Aprobación da distribución de 77 bolsas de colaboración do Ministerio de Educación Cultura e Deporte para o curso 2013-2014 destinadas a iniciar nas tarefas de investigación aos alumnos de último curso de Grao ou de segundo ciclo ou primeiro curso de Máster que presten a súa colaboración nun Departamento, Instituto ou Centro con funcións docentes e investigadoras, en réxime de compatibilidades cos seus estudos.
- Informe de modificación da relación de postos de traballo do Persoal de Administración e Servizos.
- Informe de modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Acordar a asignación de complementos retributivos autonómicos.
- Informe de implantacións e modificacións de Másteres oficiais.
- Informe de modificación de Programas de Doutoramento.
- Aprobación da participación da USC en empresas de base tecnolóxica.
- Aprobación da creación do Centro Integral de Análise e Resolución de Conflitos da USC (CIARCUS).
- Aprobación de taxas de Cursos de Posgrao Propios e información de memorias.
- Aprobación de doazóns.
- Informe sobre convenios da Universidade.

Acordos do pleno de 11 de novembro de 2013:

- Informe de modificacións de titulacións oficiais: graos, másteres e programas de doutoramento.
- Informe da implantación de titulacións oficiais: graos, másteres e programas de doutoramento.
- Informe de revogación do máster en Investigación en Didáctica das Ciencias Experimentais e da Matemática.
- Informe da retirada da oferta de másteres universitarios para o curso 2013-14 e para o curso 2014-15.
- Aprobación da participación da USC en empresas de base tecnolóxica.
- Aprobación de taxas de Cursos de Posgrao Propios e información de memorias.
- Informe sobre Institutos de Investigación da USC.
- Informe sobre convenios da Universidade.

Acordos do pleno de 19 de decembro de 2013:

- Informe de modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Aprobación dos prezos de bolsas de comedor do Servizo Universitario de Residencias para o curso 2013-2014.
- Aprobación de taxas de Cursos de Posgrao Propios e información de memorias.
- Aprobación de sexenios.
- Aprobación da creación do Centro Superior de Carácter Mixto de Estudos de Seguridade da USC – Centro Superior de Estudos para a Defensa.
- Aprobación da participación da USC na Fundación Triptolemos.
- Aprobación de transferencia de coñecemento.
- Aprobación de Comodato
- Informe sobre convenios da Universidade.

REUNIÓN SECOM

MPARECENCIAS


REUNIÓN E COMPARENCIAS

LAMAS PARDO

CASIANO DE PRADO

JESÚS GARCÍA CALVO

FEIRACO, UN MODELO COOPERATIVO
PARA O DESENVOLVIMENTO R. GAL. DALEGO



Presente de
JOSÉ A. MARTÍN REYES



D. JUAN CASARES LONG
REITOR USC



D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO
PRESIDENTE BUNTA GALICIA



D. JOSÉ SEFARINO MONTES PEZ
PRESIDENTE DE FEIRACO



D. XOSÉ MARÍA PUGA PEREIRA
PRESIDENTE CONSELLA SOCIAL USC



Presentación Libro Homenaxe Jesús García Calvo

XORNADAS DE PRESIDENTES E SECRETARIOS DE CONSELLOS SOCIAIS

Xuntanza da Asemblea Xeral da "Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Españolas" celebrada os días 20, 21 e 22 de novembro de 2013 na Universidade de Burgos. As xornadas levaron por título "La reforma de la Universidad Española" e tivo conferencias como: "Universidades fuertes para la España del mañana"; "Las reformas universitarias proyectadas"; "La reforma vista por exgestores universitarios"; e "Las expectativas de reforma de los agentes del sistema universitario español". Asemade se aprobou o orzamento da Conferencia para o ano 2014, se seu conta das actuacións levadas a cabo polas distintas Comisións da Conferencia, e se presentou o estudo titulado "El empleo de los doctores en España y su relación con la I+D+i y los estudios de doctorado".

REUNIÓN DO CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

Reunión do 25 de xaneiro de 2013

Os asuntos tratados foron os seguintes:

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 1 de outubro de 2012.
2. Informe do Conselleiro ao Consello Galego de Universidades.
3. Asuntos para coñecemento:
 - Normativa publicada
 - Convocatoria de prazas profesorado universitario contratado
4. Informe sobre Normativa de permanencia da Universidade de Vigo.
5. Información sobre as solicitudes de informe previo de envío a verificación de titulacións para o curso 2013/2014.
6. Informe sobre autorización de titulacións do SUG.
7. Información da ACSUG sobre o proceso de seguimento de títulos.
8. Rogos e preguntas.

Reunión do 16 de maio do 2013

A orde do día da sesión foi a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 25 de xaneiro de 2013.
2. Informe do Conselleiro ao Consello Galego de Universidades.
3. Asuntos para coñecemento:
 - Normativa publicada.
 - Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado.
4. Informe sobre a creación das Escolas de Doutoramento das Universidades do SUG.
5. Informe sobre o cambio de denominación do Grao en Enxeñaría da Edificación da UDC.
6. Informe sobre a proposta de supresión do Grao en Consultaría e Xestión da Información da UVIGO.
7. Informe sobre o proxecto de decreto polo que se crean as Comisións Docentes de Grao do Servizo Galego de Saúde.
8. Planificación da política de bolsas e axudas no Sistema Universitario de Galicia para o curso 2013/2014.
9. Designación de representante das universidades públicas de Galicia no Padroado da Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL).
10. Rogos e preguntas.

Reunión extraordinaria do 28 de xuño do 2013

Os temas tratados foron:

1. Informe sobre o Decreto polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2013/2014.

Reunión do 31 de xullo do 2013

A orde do día da sesión foi a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 16 de maio de 2013.
2. Informe do Conselleiro ao Consello Galego de Universidades.

3. Asuntos para coñecemento:
4. Normativa publicada.
5. Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado.
6. Informe sobre a autorización de implantación de titulacións nas universidades do SUG para o curso 2013/2014.
7. Información sobre a solicitude de implantación na Universidade de Santiago de Compostela do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas.
8. Información sobre o cambio de denominación do Grao en Enxeñaría da edificación da UDC.
9. Información sobre os avances do grupo de traballo en relación co mapa de titulacións do SUG.
10. Rogos e preguntas.

Reunión do 20 de decembro do 2013

A orde do día da sesión foi a seguinte:

1. Constitución do Consello Galego de Universidades.
2. Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 31 de xullo de 2013.
3. Informe do Conselleiro ao Consello Galego de Universidades.
4. Asuntos para coñecemento.
5. Proposta do Regulamento do Consello Galego de Universidades.
6. Informe sobre a modificación do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanza universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
7. Información sobre as actividades levadas a cabo polo grupo de traballo en relación co mapa de titulacións do SUG.
8. Informe sobre autorización e extinción de títulos universitarios oficiais nas universidades do SUG.
9. Informe sobre a solicitude de implantación do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas pola USC.
10. Informe sobre Normativa de Permanencia da UDC.
11. Informe sobre a adscrición do Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia (CESUGA) á Universidade Privada de "San Jorge" da Comunidade de Aragón e autorización para o inicio de actividades.
12. Información sobre estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
13. Rogos e preguntas.

REUNIÓN DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Reunión do 13 de maio de 2013

A Orde do día da reunión foi a seguinte:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (xuntanza ordinaria do 21 de decembro de 2012).
2. Informe da Presidenta.
3. Convenios da ACSUG con outras institucións.
4. Retribucións a percibir polos Comités de Asesores de Expertos.
5. Asuntos Económicos:
 - Inventario do inmovilizado a 31.12.2012
 - Estado de liquidación do rozamento de exercicio 2012
 - Proposta de modificación do orzamento do exercicio 2013.
6. Estudos de inserción laboral.
7. Xestión da Calidade:
 - Informe anual do 2012 de revisión do sistema de xestión interno da ACSUG.
 - Obxectivos de Calidade e Medio Ambiente do 2013.
 - Declaración ambiental do 2012.
8. Rogos e preguntas.

Reunión do 12 de xullo de 2013

Os temas tratados foron:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (xuntanza ordinaria do 13 de maio de 2013).
2. Informe da Presidenta.
3. Convenios da AGSUG con outras institucións.
4. Memoria de actividades do 2012.
5. Renovación da metade dos membros da CGIACA (artigo 22.3 dos estatutos).

6. Asuntos económicos:
 - Contas anuais a 31.12.2012
 - Modificación do orzamento do exercicio 2013
 - Memoria dos Orzamentos 2014 e Programa de Actuacións, Investimentos e Financiamento (PAIF).
7. Xestión da Calidade: Informe resumo do 1º semestre de 2013.
8. Rogos e preguntas.

Reunión do 20 de decembro de 2013

A Orde do día da reunión foi a seguinte:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (xuntanza ordinaria de 12 de xullo de 2013).
2. Informe da Presidenta.
3. Convenios da ACSUG con outras institucións.
4. Planificación de actividades 2014.
5. Proposta do borrador da adaptación do estatuto do consorcio autonómico Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia ao abeiro do establecido na disposición transitoria oitava da LSUG; e disposición transitoria terceira da LOFAXGA.
6. Renovación do presidente da CGIACA (artigo 22.2 dos estatutos).
7. Proxecto de orzamentos para o exercicio 2014.
8. Xestión de Calidade: Informe resumo do 2º semestre de 2013.
9. Rogos e preguntas.

O U T R A S A C

T I V I D A D E S

OUTRAS ACTIVIDADES



Acto de Presentación do Libro do 25 aniversario do Consello Social

Entre as actividades cómpre subliñar as seguintes:

- Asistencia ao acto de imposición da Gran Cruz da Orde de Isabel a Católica a D. Gerardo Fernández Albor.
- Asistencia ao acto de lembranza de D. Isaac Díaz Pardo.
- Asistencia ao acto de celebración da festividade de San Tomé de Aquino, cuxa organización recaeu este ano na Facultade de Formación do Profesorado.
- Participación nos actos de imposición de becas nos Colexios Maiores La Estila, Fonseca, Arosa e San Agustín, así como ao acto de fin de curso da residencia universitaria Monte da Condesa .
- Participación na presentación no Salón de Plenos do Consello Social do libro do Profesor Senén Barro "+Universidad –Especulación".
- Asistencia aos actos de celebración do "Día Internacional das Mulleres". Durante a celebración do mesmo se fixo entrega dunha Placa con Mención Honorífica ao Servizo de Vixilancia da Saúde da USC pola súa traxectoria en prol da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. A encargada de recoller esta distinción foi a directora do servizo, M^{ra} del Carmen Pardiñas Añón. Seguidamente tivo lugar unha mesa redonda sobre "Os estereotipos de xénero".
- Participación nos actos de licenciatura de Farmacia.
- Asistencia ao acto literario organizado pola USC con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, e que este ano recaeu no escritor compostelá Roberto Vidal Bolaño.
- Participación no Encontro con Embaixadores da Unión Europea, que reuniu a 22 representantes europeos baixo o lema "O valor de Investigar", celebrado no Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS).
- Asistencia á XVIII Asemblea Xeral da asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC.
- Asistencia ao acto de investidura como Dr. Honoris Causa pola USC de D. Gatzke Lettinga, cerimonia na que actuou como padriño o catedrático de Enxeñaría Química da USC Juan Lema Rodicio.
- Participación no acto de "Recoñecemento aos mellores estudantes que acadaron unha nota superior a 9 nos seus estudos", que tivo lugar no Auditorio de Galicia.
- Asistencia ao acto de investidura como Dr. Honoris Causa pola USC do historiador da arte D. Antonio Bonet Correa, director da Real Academia de Belas Artes de San Fernando, cerimonia na que actuou como padriño o catedrático de Historia da Arte da USC D. Alfredo Vigo Trasancos.
- Asistencia á apertura de curso do Sistema Universitario de Galicia celebrada en Santiago de Compostela.
- Participación na presentación ante os medios de comunicación da Memoria de Responsabilidade Social da USC do ano 2012.

- Asistencia á entrega do Premio Wonenbruger que este ano recaeu na catedrática da USC D^a María José Alonso.
- Asistencia ao acto de investidura como Dr. Honoris Causa pola USC do xurista D. Luís Díez-Picazo y Ponce de León, cerimonia na que actuou como madriña a catedrática da USC D^a M^a Paz García Rubio.
- Asistencia ás "I^a Xornadas de Fundraising e Mecenado", organizadas pola Universidade de Vigo.
- Participación na sinatura do convenio entre a USC, a Escola de Negocios Novacaixagalicia, Cooperativa Farmacéutica Galega (Cofaga) e Cooperativa Farmacéutica do Noroeste (Cofano), na que xuntarán esforzos para o desenvolvemento dun curso de formación continua en xestión empresarial de oficinas de farmacia.
- Participación na presentación ante os medios de comunicación do Campus Terra.
- Asistencia aos actos da celebración da festividade de San Alberte Magno, patrón das Ciencias, cuxa organización este ano recaeu na facultade de Matemáticas.
- Participación no encontro de empresarios e representantes das tres universidades galegas con D. Pablo Junceda Moreno, subdirector xeral do Grupo Banco Sabadell e director territorial para o noroeste, organizado pola Fundación Empresa Universidade Galega.
- Asistencia ao acto de toma de posesión de D. Miguel Ángel Ríos Fernández como presidente da Real Academia Galega de Ciencias, así como á presentación do seu equipo de goberno. Durante o transcurso do acto se fixo entrega dos "Premios Investigación 2013".
- Participación nos gastos das bolsas SPIU, destinadas a estudantes da USC que realizan tarefas de apoio ao Plan de Desenvolvemento Sostible nos centros docentes da USC, convocándose unha bolsa por centro (21 en Santiago e 6 en Lugo).
- Participación nos gastos do programa de axudas extraordinarias a estudantes en situación precaria que non poden facer fronte aos custes da matrícula., imposibilitándolle a continuación dos seus estudos.

LIBRO CONMEMORATIVO DOS XXV ANOS DO CONSELLO SOCIAL

O día 3 de xuño o presidente e o reitor presentaron no Salón de Plenos do Consello Social o libro "XXV anos do Consello Social da USC" conmemorativo do 25 aniversario da súa constitución, no acto estiveron presentes diversos membros do equipo actual, así como ex-conselleiros, ex-reitores e algúns colaboradores que participaron na edición do libro.

No ano 2012 se celebrou o XXV^o aniversario da creación do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, cinco anos despois de que a Lei de Reforma Universitaria de 1983 instaurara a innovadora

figura dos Consellos Sociais das Universidades Públicas, o 30 de xullo de 1987 se celebrou a primeira xuntanza constitutiva do Consello.

Con este motivo pensouse que podería ter interese dar á luz un libro que recollera, de xeito abreviado, unha síntese do acontecido ao longo destes cinco lustros neste órgano universitario, así como das súas actuacións levadas a cabo, de xeito que puidera ser útil para dar a coñecer e valorar a traxectoria seguida, así como a experiencia acumulada. E todo elo sen deixar de rexistrar as adaptacións aos momentos fluctuantes no ámbito universitario e outros devires arredor desta institución. As responsabilidades marcadas pola lexislación dende o seu inicio, non variaron ao longo destes anos, tendo como razón de ser o protagonismo da participación da sociedade na universidade, e como non da relación entre ámbalas dúas instancias.

O primeiro presidente, D. Emilio Pérez Nieto, foi o responsable da constitución e da posta en marcha do Consello e o seu mandato durou de 1987 a 1997. Foron anos de abordar grandes temas nas que a opinión da sociedade era de vital importancia, recordemos os intensos debates arredor da segregación do Campus ou do mapa de titulacións daqueles anos. Baixo o seu mandato se comezaron tarefas que aínda que non se contemplaban na lexislación vixente, trataban de ocupar un nicho baleiro na nosa institución como pode ser o Programa Nacional de Prácticas en Empresas e Institucións para os nosos estudantes.

O seu sucesor, D. Jesús García Calvo, foi durante os seguintes oito anos (1997 – 2003), o responsable de recoller o testemuño mantendo a liña de traballo iniciada e intensificando as actividades que estreitaran a relación entre a universidade e a sociedade. Son momentos de grandes cambios na Universidade coa modificación da LRU pola necesidade de adaptarse aos novos retos da sociedade da información e do coñecemento, e neste senso o Consello Social tiña unha responsabilidade por desenvolver. Baixo o seu mandato se acadou un importante auxe das actividades do Consello así como á relación co mercado laboral e coas empresas.

Coa chegada de D^a Manuela López Besteiro, presidenta entre o 2003 e o 2006, un dos principais eixos de traballo radicaría en aspectos vinculados ao laboral tanto a nivel nacional, tendo reunións en tódolos campus cos estudantes para facerlles ver a necesidade de acceder ao mundo laboral a través das prácticas en empresas, como a nivel internacional, coa creación do Programa Europracticum. Asemade "había na institución un problema fundamental que era o financiamento, e coa axuda das consellerías competentes e o traballo tanto do equipo reitoral como do propio Consello, se conseguiu o Plan de Financiamento da Universidade".

Dende o ano 2006 ata xaneiro de 2014 a presidencia deste órgano de goberno da universidade recaeu en D. Manuel Puga Pereira, onde se evidenciou a modernización do Consello Social ante o reto do Espazo Europeo de Educación Superior. Foron tempos de grandes cambios na Universidade coa implantación da LOU e a súa posterior modificación, e que conlevaron a aparición dos novos Graos, Másteres e Programas de Doutoramento. Se deu impulso ás relacións e o coñecemento mutuo entre a universidade e a sociedade, se fixo control e seguimento da xestión económica, financeira e patrimonial da universidade, e se supervisou as actividades universitarias de docencia, investigación e administración, así como a promoción de accións no ámbito social.

Con esta publicación no só se intentou deixar constancia dos beneficios que a institución universitaria reporta á sociedade galega, e do labor feito ao longo destes anos no Consello Social, senón tamén, e sobre

todo, agradecer a todos os conselleiros e persoal do Consello que deixaron a súa impronta e que a través do seu traballo, os seus coñecementos e achegas, fixeron que esteamos orgullosos da nosa Universidade.

Durante todo este tempo, como non podería ser doutro xeito, a sociedade foi evolucionando e a Universidade tamén. Nestes novos tempos resulta obrigado que o Consello Social se vaia adaptando a estes, implicándose e apoiando a modernización e reforma do Sistema Universitario de Galicia, ben coa mellora da docencia, pero tamén cos avances da investigación galega, sen esquecer o seu verquido no tecido empresarial e na sociedade. E é aquí onde co apoio a este proceso de modernización, o Consello Social, como órgano de participación da sociedade na Universidade, non pode estar ausente, xa que coa súa colaboración pode achegar unha valiosa axuda ao conxunto do sistema.

O libro consta de catro partes diferenciadas:

- En primeiro lugar, "O porqué dos Consellos Sociais: que son e por que existen", onde se pode apreciar dende unha perspectiva histórica a necesidade da creación destes órganos universitarios, e como se foron articulando no Sistema Universitario de Galicia.
- O segundo apartado aborda a "Historia do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela", onde xa se recolle máis polo miúdo o devir cronolóxico do Consello, a crónica das principais actuacións emprendidas nas distintas etapas conducidas coa impronta deixada por cada un dos presidentes.
- En terceiro lugar se inclúen unha serie de "Entrevistas aos Presidentes do Consello Social" onde é interesante apreciar a opinión destes sobre o que era na súa etapa e o que é hoxe en día o Consello Social, os problemas que tiñan na súa época, as solucións, as achegas, etc.
- Por último se fixo unha breve reseña fotográfica do percorrido polos momentos máis interesante e anecdóticos nos 25 anos do Consello Social.

PRÁCTICAS EN EMPRESAS E INSTITUCIÓNS

Descrición do Programa de Prácticas

O Consello Social entre os seus cometidos ten a obriga de levar un labor de achegamento aos distintos estamentos da sociedade, dentro destes cabe destacar a promoción de convenios de colaboración con entidades tanto galegas como de ámbito nacional para a realización de prácticas profesionais nelas por parte dos estudantes da nosa Universidade.

As prácticas non orixinan ningún vínculo laboral entre a empresa e o estudante, senón que ámbolos dous están suxeitos a un convenio de cooperación educativa. Así mesmo poden realizarse en calquera mes do ano (incluídas as vacacións académicas) dentro do horario laboral da entidade colaboradora. En canto a horas totais das prácticas, deberán realizarse como mínimo 120 horas e ata un máximo de 500 horas por titulación.

Entre os beneficios que as empresas ou institucións poden obter coa colaboración no programa de prácticas, podemos salienta os seguintes:

- A posibilidade de realizar estudos sobre temas específicos que consideren necesarios e interesantes.
- Constitúen un medio idóneo para dispoñer de persoas capacitadas e formadas.
- Supoñen un proceso óptimo de selección.
- As empresas amplían a súa esfera de relación, o que xera un mellor coñecemento das mesmas no seu medio, favorecendo novas posibilidades de actuación.
- Colaboran coa sociedade facilitando a formación práctica dos estudantes, o que contribúe a mellorar a capacitación dos futuros directivos e profesionais.

Características das Prácticas

O programa de prácticas está dirixido a todos os estudantes de licenciatura da Universidade de Santiago de Compostela, de calquera titulación, que teñan aprobados o 50 % dos créditos da titulación que cursan. As prácticas poden realizarse en calquera mes do ano, incluídas as vacacións, dentro do horario laboral da entidade colaboradora.

As prácticas adxudícanse en virtude das titulacións e localidades; no caso de concorrencia de varios estudantes, pola nota media. Os estudantes están cubertos polo seguro escolar durante a súa estancia na entidade colaboradora, e ao rematar o seu período de prácticas, os obterán:

- Certificado curricular: no que se fai constar que o alumno/a realizou prácticas nunha determinada empresa/institución, as tarefas desenvoltas, o período de prácticas e o número total de horas realizado.
- Certificado de créditos: no caso dos estudantes de plans renovados expediráselles un certificado de créditos, a razón de 1 crédito por cada 30 horas de prácticas (hai un número mínimo de horas convalidables - 120 horas - e un tempo máximo - 500 horas). Estes créditos poderán ser imputados como créditos de libre configuración.

Unha vez rematadas as prácticas, a entidade colaboradora ten que elaborar un certificado no que consten: o nome do alumno, o nome da empresa /institución, as tarefas desenvoltas, o período das prácticas e o número de horas realizado. Este certificado deberá enviarse: no caso de tratarse dunha empresa de Galicia á Confe-

deración de Empresarios de Galicia (CEG), e no caso de tratarse dunha empresa de fóra de Galicia ou dunha institución pública ao Consello Social.


Que deben facer as Empresas/Institucións que queiran colaborar co Programa de Prácticas

Deben dirixirse ao Consello Social ou a Confederación de Empresarios de Galicia para solicitar as follas de inscrición (ordinaria ou adxudicación directa). Existe unha documentación básica que a entidade colaboradora deberá cumprimentar para formalizar as prácticas de cada alumno: oferta de prácticas (indicación das características esenciais das prácticas ofertadas); concerto de colaboración (documento que estipula as condicións das prácticas e que asinan a entidade colaboradora, o Consello Social e, no caso de empresas galegas, a Confederación de Empresarios de Galicia); finalmente a entidade colaboradora debe emitir un certificado final das prácticas.

As entidades colaboradoras que solicitan estudantes en prácticas especificarán na súa solicitude as datas de inicio e fin das prácticas, así como o horario no que se van desenvolver.

EVOLUCIÓN PRÁCTICAS CONSELLO SOCIAL				
ANO	ALUMNOS INSCRITOS	CUMPREN REQUISITOS	OFERTAS	PRÁCTICAS
1995	839	511	150	89
1996	775	584	200	131
1997	898	686	285	154
1998	1.456	1.074	700	548
1999	2.555	2.228	1.485	1.110
2000	3.530	3.308	2.179	1.626
2001	3.369	3.200	2.647	2.062
2002	3.082	2.845	2.570	1.859
2003	2.952	2.763	2.768	1.968
2004	2.837	2.736	3.166	2.217

EVOLUCIÓN PRÁCTICAS CONSEJO SOCIAL				
ANO	ALUMNOS INSCRITOS	CUMPLEN REQUISITOS	OFERTAS	PRÁCTICAS
2005	2.543	2.398	3.192	2.126
2006	2.604	2.340	3.150	1.957
2007	2.191	1.991	3.060	1.663
2008	2.010	1.848	3.228	1.548
2009	1.645	1.549	3.161	1.354
2010	1.281	1.238	2.664	1.114
2011	1.231	1.207	2.439	1.135
2012	1.081	1.047	2.537	981
2013	729	708	2.226	665
TOTAL	37.607	34.261	41.807	24.307



PROGRAMA EUROPRÁCTICUM

Características do Programa:

Europrácticum, en e para Europa, é un proxecto de estancias para a realización de "PRÁCTICAS EN EMPRESAS EUROPEAS PARA TITULADOS DE LA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA", aprobado por primeira vez pola Axencia Nacional Leonardo da Vinci no mes de maio de 2002.

Dirixido a:

Titulados universitarios da Universidade de Santiago de Compostela

Requisitos:

- Ser titulado medio ou superior pola Universidade de Santiago de Compostela.
- Carecer de experiencia laboral superior a un ano (365 días) relacionada coa titulación
- Coñecemento, polo menos, dun idioma dos países de destino.
- Non ter disfrutado doutra bolsa do programa Leonardo da Vinci.

Obxectivo:

Completar a formación académica a través de prácticas laborais en empresas e institucións europeas, coñecendo novas formas de traballo nun ambiente multicultural ao mesmo tempo que se melloran as competencias lingüísticas.

Características das mobilidades:

As mobilidades terán unha duración máxima de seis meses cunha bolsa que cobre os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención. O contido das prácticas axustarase ao perfil e formación de cada solicitante.

As prácticas desenvólvense entre novembro do primeiro ano e maio do seguinte.

Os inscritos teñen que superar unha proba de nivel de idioma (a través do Centro de Linguas Modernas), un Curso Preparatorio Pedagóxico e unha entrevista persoal.

Promove:

Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela e a Área de Orientación e Inserción Laboral do Campus de Lugo.

Obxectivos:

O proxecto Europrácticum vai máis alá da realización de estancias, supón o inicio dunha política de mellora das cualificacións dos recién titulados, obxectivo do presente proxecto. A internacionalización, adaptabilidade e mellora das perspectivas dos titulados da USC significan un maior pulo empresarial en Galicia, e redundarán no tecido empresarial dunha rexión que avanza cara a unha converxencia real co resto de Europa.

Os obxectivos do noso proxecto diríxense a obter resultados en tres campos: os beneficiarios das bolsas, as empresas de acollida e a propia Universidade de Santiago de Compostela:

- Beneficiarios das bolsas: complementar a súa formación académica dunha maneira práctica na empresa, e mellorar os coñecementos, habilidades e destrezas dos titulados universitarios.
- Empresas de acollida: enriquecerse co intercambio de titulados procedentes de diferentes sistemas educativos, obter recursos a medida para a súa organización con coñecementos técnicos, capacidade de aprendizaxe e adaptación ao mercado laboral, e mellorar a colaboración entre a Universidade e a empresa
- Universidade de Santiago de Compostela: formar aos profesionais do futuro orientándoo para unha pronta e exitosa inserción laboral, adecuar a formación ao emprego e ás demandas do mercado laboral, servir de nexo de unión entre a Universidade e a sociedade, e mellorar a empregabilidade dos nosos titulados.

Xestión do proxecto:

- Deseño técnico do proxecto.
- Establecemento das tres áreas de actuación e dos obxectivos e actividades previstas para cada unha delas.
- Redeseño da documentación necesaria para o desenvolvemento do proxecto.
- Consenso nos protocolos de actuación.
- Difusión do proxecto Europrácticum.
- Redeseño da imaxe corporativa.
- Elaboración de dípticos e carteis.
- Organización das xornadas de difusión nos dous Campus da Universidade.

EVOLUCIÓN MOVILIDADES DE EUROPRACTICUM				
ANOS	TITULADOS INSCRITOS	CUMPREN REQUISITOS	Nº MOBILIDADES CONCEDIDAS	Nº MOBILIDADES REALIZADAS
EUROPRACTICUM I (2002-2004)	654	185	73	66
EUROPRACTICUM II (2004-2006)	660	431	115	93
EUROPRACTICUM III (2006-2008)	211	108	104	42
EUROPRACTICUM IV (2008-2010)	226	194	60	51
EUROPRACTICUM V (2010-2012)	482	355	34	26
EUROPRACTICUM VI (2011-2013)	685	283	44	41
EUROPRACTICUM VII (2013-2015)	901	515	78	EN EXECUCIÓN

EUROPRACTICUM VII

En febreiro de 2013 se presentou por parte da Área de Inserción Laboral do Campus de Lugo un novo proxecto ante a Axencia Leonardo, coa concesión de **78 bolsas de mobilidade**.

BOLSAS DE COLABORACIÓN ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL PARA O CURSO ACADÉMICO 2013-2014

DEPARTAMENTO	BOLSAS ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL	BOLSAS RESOLTAS (*)
FISIOLOXÍA	2	1
MEDICINA	2	3
ESTOMATOLOXÍA	1	2
CIENCIAS DA COMUNICACIÓN	1	2

DEPARTAMENTO	BOLSAS ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL	BOLSAS RESOLTAS (*)
CIRURXÍA	1	0
LÓXICA E FILOSOFÍA MORAL	1	2
FARMACIA E TECNOLOXÍA FARMACÉUTICA	1	3
TEORÍA DA EDUCACIÓN, HISTORIA DA EDUCACIÓN E PEDAGOXÍA SOCIAL	1	2
QUÍMICA ORGÁNICA	1	2
PSIQUIATRÍA, RADIOLOXÍA E SAÚDE PUBLICA	1	2
DIDÁCTICA E ORGANIZACIÓN ESCOLAR	1	2
ENFERMERÍA	1	1
EDAFOLOXÍA E QUÍMICA AGRÍCOLA	1	1
PATOLOXÍA ANIMAL	1	0
QUÍMICA ANALÍTICA, NUTRICIÓN E BROMATOLOXÍA	1	2
PRODUCCIÓN VEXETAL	1	2
ENXEÑARÍA QUÍMICA	1	2
PSICOLOXÍA CLÍNICA E PSICOBIOLOXÍA	1	2
SOCIOLOXÍA	1	0
FÍSICA DE PARTÍCULAS	1	2
MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA	1	1
PSICOLOXÍA SOCIAL, BÁSICA E METODOLOXÍA	1	1
QUÍMICA FÍSICA	1	2
XEOMETRÍA E TOPOLOXÍA	1	2
FÍSICA DA MATERIA CONDENSADA	1	1
CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN	1	1

DEPARTAMENTO	BOLSAS ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL	BOLSAS RESOLTAS (*)
BIOLOXÍA CELULAR E ECOLOXÍA	1	1
HISTORIA DA ARTE	1	2
BIOQUÍMICA E BIOLOXÍA MOLECULAR	1	1
FILOLOXÍA GALEGA	1	2
ECONOMÍA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	1	1
ELECTRÓNICA E COMPUTACIÓN	1	2
HISTORIA CONTEMPORÁNEA E DE AMÉRICA	1	2
LITERATURA ESPAÑOLA, TEORÍA DA LITERATURA E LINGÜÍSTICA XERAL	1	2
FÍSICA APLICADA	1	2
XEOGRAFÍA	1	0
XENÉTICA	1	1
DEREITO PUBLICO E TEORÍA DO ESTADO	1	1
HISTORIA I	1	0
PEDIATRÍA	1	0
MATEMÁTICA APLICADA	1	0
CIENCIAS MORFOLÓXICAS	1	0
ENXEÑARIA AGROFORESTAL	1	2
BOTÁNICA	1	0
PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E DA EDUCACIÓN	1	1
FILOSOFÍA E ANTROPOLOXÍA SOCIAL	1	0
ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	1	1
LINGUA ESPAÑOLA	1	1

DEPARTAMENTO	BOLSAS ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL	BOLSAS RESULTAS (*)
DEREITO PUBLICO ESPECIAL	1	1
ECONOMÍA APLICADA	1	0
ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E COMERCIALIZACIÓN	1	0
FUNDAMENTOS DA ANÁLISE ECONÓMICA	1	0
DEREITO COMÚN	1	1
FILOLOXÍA INGLESA E ALEMÁ	1	1
HISTORIA MEDIEVAL E MODERNA	1	1
CIENCIAS CLÍNICAS VETERINARIAS	1	1
DEREITO MERCANTIL E DO TRABALLO	1	1
ECONOMÍA CUANTITATIVA	1	0
MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN E DIAGNOSTICO EN EDUCACIÓN	1	0
ANÁLISE MATEMÁTICA	1	1
ÁLXEBRA	1	1
LATÍN E GREGO	1	1
HISTORIA E INSTITUCIÓNS ECONÓMICAS	1	0
DIDÁCTICA DA EXPRESIÓN MUSICAL, PLÁSTICA E CORPORAL	1	1
FISIOLOXÍA VEXETAL	1	1
INSTITUTO DA LINGUA GALEGA	1	0
INSTITUTO DE BIODIVERSIDADE AGRARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL	1	0
INSTITUTO DE CERÁMICA	1	1
INSTITUTO DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	1	1



Acto de Presentación do Libro do 25 Aniversario do Consello Social

DEPARTAMENTO	BOLSAS ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL	BOLSAS RESULTAS (*)
INSTITUTO DE ESTUDIOS E DESENVOLVEMENTO DE GALICIA	1	1
INSTITUTO GALEGO DE FÍSICA E ALTAS ENERXÍAS	1	1
INSTITUTO DE MATEMÁTICAS	1	1
INSTITUTO DE ACUICULTURA	1	1
ESTACIÓN DE BIOLOXÍA MARIÑA DA GRAÑA	1	0
CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN (CITIUS)	1	1
TOTAL	77	81

(*) O Ministerio de Educación concedeu durante o proceso de asignación de bolsas unha ampliación do número das mesmas adxudicadas á USC, pasando de 77 a 81.

LIQUIDACIÓN
TODO CONSE

D O O R Z A M E N

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

E L L O S O C I A L



22/01/2014 11:25

ESTADO DE EXECUCIÓN

Exercicio orzamentario: 2013

Código orgánico: 8070 - CONSELLO SOCIAL

CAPITULO 2°:

PARTIDA	TIPO	CLAVE VENC.	TÍTULO	CINICIAL	TOT MOD POS	TOT MOD NEG	C DEFINITIVO	TOT AUTS	TOT ORZ.	C DISPONIBLE
8070-3000-21200	A	CAP II CS	REPARACION EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIONS	2.000,00	0,00	0,00	2.000,00	1.357,20	1.357,20	642,80
8070-3000-21300	A	CAP II CS	REPARACION E MANTENIMENTO DE MAQUINARIA	1.000,00	0,00	0,00	1.000,00	0,00	0,00	1.000,00
8070-3000-21500	A	CAP II CS	REPARACION MOBILAXE	1.500,00	0,00	0,00	1.500,00	0,00	0,00	1.500,00
8070-3000-22000	A	CAP II CS	GASTOS CORRENTES	12.000,00	0,00	25.000,00	-13.000,00	14.070,54	14.070,54	-27.070,54
8070-3000-22100	A	CAP II CS	SUBMINISTRACIONES	500,00	0,00	0,00	500,00	1.779,99	1.779,99	-1.279,99
8070-3000-22200	A	CAP II CS	COMUNICACIONES	4.000,00	0,00	0,00	4.000,00	1.091,14	1.091,14	2.908,86
8070-3000-22300	A	CAP II CS	TRANSPORTES	5.000,00	0,00	0,00	5.000,00	0,00	0,00	5.000,00
8070-3000-22400	A	CAP II CS	PRIMAS E SEGUROS	500,00	0,00	0,00	500,00	822,38	822,38	-322,38
8070-3000-22601	A	CAP II CS	ATENCIÓNES PROTOCOLARIAS	6.000,00	0,00	0,00	6.000,00	593,59	593,59	5.406,41
8070-3000-22602	A	CAP II CS	INFORMACIÓN E DIVULGACIÓN	32.000,00	0,00	0,00	32.000,00	18.756,82	18.756,82	13.243,18
8070-3000-22700	P	CAP II CS	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	73.000,00	135.619,43	127.550,00	81.069,43	41.666,85	41.666,85	39.402,58
8070-3000-22800	A	CAP II CS	CURSOS E CONFERENCIAS	4.000,00	0,00	0,00	4.000,00	3.200,00	3.200,00	800,00
8070-3000-23000	A	CAP II CS	AXUDAS DE CUSTO E LOCOMOCIÓN	15.000,00	0,00	0,00	15.000,00	8.518,40	8.518,40	6.481,60

CAPÍTULO 2°:

PARTIDA	TIPO	CLAVE VENC.	TÍTULO	CINICIAL	TOT MOD POS	TOT MOD NEG	C DEFINITIVO	TOT AUTS	TOT ORZ.	C DISPONIBLE
8070-3000-23300	A	CAP II CS	OUTRAS INDEMNIZACIONES	11.000,00	0,00	0,00	11.000,00	5.895,81	5.895,81	5.104,19
TOT CAPÍTULO 2°:				167.500,00	135.619,43	152.550,00	150.569,43	97.752,72	97.752,72	52.816,71

CAPÍTULO 4°:

PARTIDA	TIPO	CLAVE VENC.	TÍTULO	CINICIAL	TOT MOD POS	TOT MOD NEG	C DEFINITIVO	TOT AUTS	TOT ORZ.	C DISPONIBLE
8070-4000-48400	A	CAP IV	PREMIO HUMANITAS	1.500,00	2.875,00	4.375,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8070-4921-48300	A	CAP IV CS	ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS	21.000,00	0,00	0,00	21.000,00	21.000,00	21.000,00	0,00
TOT CAPÍTULO 4°:				22.500,00	2.875,00	4.375,00	21.000,00	21.000,00	21.000,00	0,00

CAPÍTULO 6°:

PARTIDA	TIPO	CLAVE VENC.	TÍTULO	CINICIAL	TOT MOD POS	TOT MOD NEG	C DEFINITIVO	TOT AUTS	TOT ORZ.	C DISPONIBLE
8070-3000-62600	A	CAPITULO VI	MOBILIARIO E EQUIPAMIENTO	10.000,00	12.202,84	22.000,00	202,84	0,00	0,00	202,84
8070-R094-64300	A		SUBVENCION CONSELLERIA EDUCACION	0,00	900,00	0,00	900,00	0,00	0,00	900,00
TOT CAPÍTULO 6°:				10.000,00	13.102,84	22.000,00	1.102,84	0,00	0,00	1.102,84

TOT CENTRO: 8070 - CONSELLO SOCIAL:

200.000,00	151.597,27	178.925,00	172.672,27	118.752,72	118.752,72	53.919,55
------------	------------	------------	------------	------------	------------	-----------

eSicus

Página 2 de 2

INFORMED AA
ANCEIRADAU

UDITORÍA FIN

INFORME DA AUDITORÍA FINANCEIRA DA UNIVERSIDADE

NIVERSIDADE



Acto de Presentación do Libro do 25 Aniversario do Consello Social

La empresa auditora **ATD Auditores Sector Público, S.L.**, con fecha 12 de junio de 2013 emitió el informe de auditoría de las cuentas anuales de **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** referidas al ejercicio 2012 en el que expresó una opinión favorable.

Asimismo, la misma empresa auditora **ATD Auditores Sector Público, S.L.**, emitió informe de auditoría de las cuentas anuales correspondientes al ejercicio 2012 de las siguientes sociedades:

- Con fecha 27 de junio de 2013 emitió el informe de auditoría correspondiente a **SOCIEDADE XESTORA DE INTERESES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, S.L.U.**, en el que expresó una opinión con la siguiente salvedad:
 - "Debido a problemas con la aplicación informática que gestiona el inventario de existencias, como se pone de manifiesto en la Nota 8 de la memoria adjunta, no nos ha sido posible asistir al recuento físico de las existencias al 31 de diciembre de 2012 ni al 31 de diciembre de 2011, ni asimismo se han podido aplicar procedimientos alternativos para verificar la razonabilidad de las cifras de Existencias al 31 de diciembre de 2012 por 153.622,80 euros (153.345,57 euros a 31 de diciembre de 2011) ni las correspondientes cifras de ingresos por Variación de existencias por 3.487,67 euros a 31 de diciembre de 2012 (26.280,59 euros a 31 de diciembre de 2011)".
- En fecha 27 de junio de 2013 emitió el informe de auditoría correspondiente a **CURSOS INTERNACIONAIS DA UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA, S.A.**, en el que expresó una opinión favorable.
- En fecha 27 de junio de 2013 emitió el informe de auditoría correspondiente a **SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, S.L.**, en el que expresó una opinión favorable.
- En fecha 27 de junio de 2013 emitió el informe de auditoría correspondiente a **UNIDIXITAL, S.L.**, en el que expresó una opinión favorable e incluyó el siguiente párrafo de énfasis:
 - *Sin que afecte a nuestra opinión de auditoría, llamamos la atención respecto a lo señalado en la Nota 15 de la memoria adjunta en la que se menciona que el contrato de gestión de servicios públicos firmado entre los accionistas de la sociedad, en vigor desde su constitución, se encuentra prorrogado desde el 31 de diciembre de 2012, en tanto no se resuelva el expediente de contratación administrativa "2013/CSEA1/000002 Desarrollo de una solución integral para la prestación de servicios de reprografía y de edición e impresión digital de la Universidad de Santiago de Compostela mediante un diálogo competitivo" licitado por la Universidad de Santiago de Compostela, desconociéndose si la sociedad continuará en funcionamiento una vez adjudicado dicho servicio.*

Los Informes de Auditoría y las Cuentas Anuales originales se encuentran custodiados en la sede del Consello Social de la Universidad.

APÉNDICE REGULAMENTO DO

APÉNDICE

REGULAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

CONSELLO SOCIAL



Acto de Presentación do Libro do 25 Aniversario do Consello Social

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TÍTULO 1º

Definición, funcións e competencias do Consello Social.

Artigo 1.

O Consello Social é o órgano de participación da sociedade galega na Universidade de Santiago de Compostela, que impulsa a colaboración entre esta e aquela mediante a satisfacción pola universidade das necesidades do seu entorno, contribuíndo eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural de Galicia, á mellora da calidade do servizo público da educación superior universitaria e á obtención dos recursos precisos para procurar a súa suficiencia económica e financeira.

Artigo 2.

Correspóndelle ao Consello Social as funcións que lle encomende a Lei e os Estatutos da Universidade, e en particular as seguintes:

10. De relación entre a universidade e a sociedade.

- a) Promover o coñecemento mutuo entre a universidade e a sociedade, favorecendo e organizando eventos que difundan nesta o labor universitario e transmitindo a aquela as aspiracións das forzas sociais de Galicia.
- b) Fomentar a colaboración da sociedade no financiamento do ensino e da investigación da universidade, contribuíndo á captación de recursos económicos externos.
- c) Aprobar, con carácter anual, unha memoria das súas actividades, que remitirá o Parlamento de Galicia e a consellería competente en materia universitaria.

- d) Realizar estudos sobre materias da súa competencia, e, en particular, sobre a adecuación da oferta de titulacións e o contido dos plans de estudos da universidade ás necesidades sociais, sobre o rendemento académico do alumnado e a inserción laboral dos titulados universitarios, sobre a investigación desenvolvida na universidade e a transferencia á sociedade dos resultados da mesma e sobre calquera outra cuestión proposta pola consellería competente en materia universitaria, de acordo coas funcións propias deste órgano.
 - e) Impulsar aquelas actuacións que permitan un maior achegamento dos estudantes universitarios ás demandas do mercado laboral, e, en especial, a celebración de convenios entre a universidade e outras entidades públicas e privadas orientadas a completar a formación dos alumnos e titulados da universidade e facilitar o acceso dos mesmos ao mundo profesional.
 - f) Estimular a actividade investigadora da universidade, especialmente no relativo a súa vinculación cos sectores produtivos, apoiando os proxectos de investigación e desenvolvemento compartidos entre a universidade, as empresas e o tecido social, así como as políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos nas investigacións universitarias.
 - g) Favorecer as actividades orientadas a completar a formación científica, cultural e humanística dos universitarios, apoiando as súas manifestacións no seo da universidade e asegurando a súa extensión ao conxunto da sociedade galega.
 - h) Outorgar, no seu caso, premios, distincións e recoñecemento no ámbito das súas competencias.
1. De carácter económico, financeiro e patrimonial.
- a) Supervisar as actividades de carácter económico da universidade.
 - b) Aprobar, a proposta do Consello de Goberno, a programación plurianual da universidade, así como realizar o seu seguimento.
 - c) Aprobar, a proposta do Consello de Goberno, o orzamento da universidade. Os órganos responsables da execución do orzamento deberán informar ao Consello Social do estado de execución nas condicións que determine o seu Regulamento de Organización e Funcionamento.
 - d) Aprobar, con carácter previo a súa rendición ante o órgano de fiscalización da Comunidade Autónoma, as contas anuais da universidade e das sociedades, fundacións ou outras entidades nas que o capital ou fondo patrimonial equivalente teña participación maioritaria a universidade, calquera que sexa a forma xurídica que adopten as mesmas, podendo o Consello Social acordar motivadamente a realización de auditorías externas.
 - e) Fixar os prezos das ensinanzas propias, dos cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas polas universidades, así como informar en materia de prezos

públicos dos estudos universitarios oficiais, dentro dos límites que estableza o Consello de Coordinación Universitaria.

- f) Aprobar, con carácter previo a súa remisión á Xunta de Galicia para a súa autorización, as propostas de operacións de endebedamento.
- g) Informar sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e investigador da universidade, especificando a totalidade dos seus custos, as súas modificacións e os gastos que supoñen, así como informar, con carácter previo a súa celebración, sobre os convenios colectivos do persoal docente e investigador contratado pola universidade.
- h) Acordar, a proposta do Consello de Goberno da universidade e dentro dos límites fixados pola Comunidade Autónoma, a asignación singular e individual de retribucións adicionais ligadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión a membros do persoal docente e investigador da universidade, previa valoración dos mesmos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia ou, no seu caso, pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación, ou por calquera outro órgano de avaliación que determinen leis doutras comunidades autónomas, sempre que exista previo convenio ou concerto coa Comunidade Autónoma Galega. O Consello Social poderá pedir informe dos centros a que pertenza ou estea adscrito o profesorado afectado por tales acordos, co obxecto de motivar a súa decisión.
- i) Informar sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos da universidade, as súas modificacións e os gastos que supoñen, especificando a totalidade dos seus custos, así como informar, con carácter previo a súa formalización, sobre os convenios colectivos do persoal de administración e servizos en réxime laboral da universidade.
- j) Aprobar a proposta do Consello de Goberno, os regulamentos internos que regulan a xestión contractual e patrimonial da universidade.
- k) Ser informado dos contratos ou convenios en que a universidade sexa parte e daqueles que se celebren ao amparo do artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.
- l) Aprobar, con carácter previo a súa realización, os actos de disposición sobre bens inmobles e mobles de extraordinario valor da universidade e a desafectación dos seus bens de dominio público. A tal efecto as universidades contarán cun inventario, que haberán de remitir ao Consello Social de acordo co que se estipule no seu regulamento de réxime interno.
- m) Aprobar, a proposta do Consello de Goberno, a aceptación pola universidade de herdanzas, doazóns ou legados.
- n) Informar sobre a creación ou adscrición de colexios maiores e residencias universitarias.

- o) Aprobar a creación, modificación substancial ou extinción das sociedades, fundacións ou outras entidades nas que o capital ou fondo patrimonial teña participación a universidade, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, así como a súa integración nas mesmas.
1. De supervisión das actividades universitarias e relativas á actividade do Consello Social.
- a) Supervisar o rendemento e calidade dos servizos universitarios, formulando, no seu caso, suxerencias e propostas ao Consello de Goberno da universidade, orientadas a promover a excelencia do ensino, investigación, xestión e servizos.
 - b) Solicitar, de ser o caso, das administracións públicas a realización de informes e inspeccións dos servizos que presta a universidade, especialmente os de ensino, investigación, xestión e servizos, oído o Consello de Goberno.
 - c) Propoñer motivadamente á Xunta de Galicia, previo informe do Consello de Goberno da universidade, a implantación e supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. No caso de que a iniciativa partira da Comunidade Autónoma, deberá contar co acordo do Consello Social.
 - d) Propoñer motivadamente á Xunta de Galicia, previo informe do Consello de Goberno da universidade, a creación, modificación ou supresión de facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas. No caso de que a iniciativa partira da Comunidade Autónoma, deberá contar co acordo do Consello Social.
 - e) Propoñer á Xunta de Galicia, previo informe do Consello de Goberno da universidade e antes da súa celebración, a aprobación dos convenios de adscrición ou dos convenios ou acordos de desadscrición á universidade de centros docentes para impartir estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.
 - f) Propoñer á Xunta de Galicia, previo informe do Consello de Goberno da universidade, a creación ou supresión de institutos universitarios de investigación. No caso de que a iniciativa partira da Comunidade Autónoma, deberá de contar co acordo do Consello Social.
 - g) Propoñer á Xunta de Galicia, previo informe do Consello de Goberno da universidade e antes da súa celebración, a aprobación dos convenios de adscrición ou dos convenios ou acordos de desadscrición á universidade de institucións ou centros de investigación como institutos universitarios de investigación. No caso de que a iniciativa partira da Comunidade Autónoma, deberá de contar co acordo do Consello Social.
 - h) Propoñer motivadamente, para a súa posterior aprobación pola Xunta de Galicia, a creación, modificación ou supresión no estranxeiro de centros dependentes da universidade para a impartición de ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como a impartición en centros dependentes da universi-

dade de ensinanzas conducentes á obtención de títulos estranxeiros de educación superior universitaria.

- i) Acordar, co reitor, nos termos previstos na Lei orgánica de universidades, o nomeamento do xerente.
- j) Informar sobre os procedementos que estableza a universidade para a admisión de estudantes.
- k) Aprobar, previo informe do Consello de Coordinación Universitaria, as normas que regulen o progreso e permanencia dos estudantes na universidade.
- l) Promover, co obxecto de que ninguén quede excluído do estudo na universidade por razóns económicas, as bases da política de bolsas, axudas e créditos para o estudo e a investigación que, de ser o caso, outorgue a universidade con cargo aos seus orzamentos, así como propoñer ás restantes administracións competentes a adopción de medidas con relación as súas políticas de bolsas, axudas e créditos aos estudantes universitarios.
- m) Designar, de entre os seus membros pertencentes á representación social, os representantes do Consello Social nas entidades e institucións que corresponda, e, en particular, aos tres representantes do órgano no Consello de Goberno da universidade.
- n) Propoñer o cese dalgún dos seus membros á autoridade, entidade ou institución que o designase, previa declaración da súa situación de incompatibilidade ou incumprimento grave ou reiterado das súas obrigas.
- o) Informar á Xunta de Galicia sobre o réxime de retribucións ou indemnizacións dos seus membros, con arranxo ao disposto no artigo 11.2 f) da Lei 1/2003 de 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia.
- p) Acordar a constitución de comisións temporais.

Artigo 3.

1. O Consello Social, no exercicio das súas competencias, goza de plena independencia.
2. Os membros do Consello Social desenvolverán as súas competencias velando polos intereses xerais da institución universitaria.

Artigo 4.

O Consello Social disporá dos recursos económicos suficientes que a Consellería de Economía e Facenda habilite para o cumprimento das súas funcións, e terá asignadas partidas propias nos Orzamentos Xerais da Universidade.

TÍTULO 2º

Da composición do Consello Social

Artigo 5.

1. O Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela estará integrado polos seguintes membros, de conformidade o disposto pola Lei de Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia e os Estatutos da Universidade:
 - a) O presidente, designado de conformidade co artigo 17.1 da Lei 1/2003, de 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia.
 - b) O reitor da universidade, o secretario xeral e o xerente da universidade.
 - c) Un profesor, un estudante e un representante do persoal de administración e servizos, elixidos polo Consello de Goberno da Universidade de entre os seus membros por maioría absoluta e de xeito que garanta a representación dos campus de Santiago de Compostela e Lugo.
 - d) Seis membros designados polo Parlamento de Galicia.
 - e) Seis membros designados pola Xunta de Galicia.
 - f) Dous membros designados polos sindicatos máis representativos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - g) Catro membros designados polas organizacións empresariais máis representativas dos sectores estratéxicos da economía galega, na área de influencia da universidade.
 - h) Un membro designado pola corporación do Concello de Santiago.
 - i) Un membro designado pola corporación do Concello de Lugo.
2. O presidente do Consello Social será nomeado por decreto de presidente da Xunta de Galicia. Os restantes acordos de designación de membros do Consello Social seranlle comunicados ao conselleiro competente en materia universitaria, quen procederá ao seu nomeamento mediante orde da súa

consellería. O decreto e as ordes de nomeamento deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia. A condición de membro do Consello Social adquirese unha vez cumpridos os requisitos de designación, nomeamento e publicación no Diario Oficial de Galicia, e produce efectos a partir desa data.

3. Os membros do Consello Social desempeñarán os seus cargos persoalmente, sen que poidan delegar as súas competencias nin o seu voto en ningún caso.

Artigo 6.

1. O presidente do Consello Social ostenta, para todos os efectos, a representación legal do mesmo.
2. Será designado polo Presidente da Xunta de Galicia, entre personalidades da vida cultural, profesional, económica laboral e social non pertencentes á comunidade universitaria, a proposta do conselleiro competente en materia universitaria, previa comunicación ao reitor da universidade.
3. O seu mandato é de catro anos, renovable por unha soa vez.
4. Exerce, no Pleno e en todas as Comisións, as competencias propias da presidencia dun órgano colexiado, con voto de calidade no caso de empate.
5. Son funcións do presidente:
 - a) Garantir o cumprimento das funcións e competencias do Consello Social.
 - b) Convocar, fixando a orde do día, e presidir as sesións do Consello Social.
 - c) Abrir e levantar as sesións, dirixir a deliberación, conceder e denegar a palabra, determinar, de ser o caso, os tempos de intervención e decidir co seu voto de calidade no caso de empate.
 - d) Coordinar as actividades dos membros, e dos órganos do Consello.
 - e) Invitar aos Plenos, con voz pero sen voto, a todas aquelas persoas que considere oportuno en razón dos temas que se traten.
 - f) Delegar, no caso de ausencia, vacante ou enfermidade, no conselleiro que designe de entre os membros que representan os intereses sociais.
 - g) Nomear e dispoñer o cese do secretario do Consello Social.
 - h) Ordenar a execución dos acordos do Consello Social.
 - i) Reclamar das autoridades académicas, administracións públicas ou de calquera outra entidade privada, cantos informes, estudos e ditames que considere oportunos.
 - j) Control dos servizos do Consello Social e da execución do seu presuposto.
 - k) Calquera outra que puidera ser útil para o bo funcionamento do Consello Social.

Artigo 7.

Son dereitos dos conselleiros:

1. Presentar mocións ou suxerencias para a deliberación e adopción de acordos ou recomendacións polo Pleno ou para o seu estudo nunha comisión.
2. Recibir a convocatoria que conterà a orde do día das sesións ordinarias e extraordinarias.
3. Asistir con voz ás sesións dos órganos de que formen parte, exercer o seu dereito de voto e formular votos particulares.
4. Ser informado de canto aconteza no Consello Social e que interese para o seu bo funcionamento.
5. Conseguir, a través do presidente do Consello Social, canta información, datos ou documentos consideren necesarios para o exercicio das súas funcións.
6. Percibir as dietas e gastos de locomoción no exercicio dos seus cargos.

Artigo 8.

Son deberes dos conselleiros:

1. Asistir ás sesións do Pleno e ás das Comisións de que formen parte.
2. Executar cantos cometidos lles sexan encomendados por razóns dos seus cargos.
3. Poñer en coñecemento do Consello Social calquera información que poida afectar ás actuacións ou competencias do mesmo.
4. Gardar secreto sobre as deliberacións internas, así como sobre as materias e actuacións que expresamente se declaren reservadas.
5. Observar en todo momento a normativa de incompatibilidades.

Artigo 9. Cese e substitución.

1. Os membros do Consello Social cesarán:
 - a) Por expiración do período de mandato. Non obstante, continuarán nas súas funcións ata a toma de posesión dos novos membros.
 - b) Por renuncia, incapacidade declarada por resolución xudicial firme, morte ou declaración de falecemento.

- c) A renuncia haberá de presentarse por escrito á autoridade, entidade ou institución designante e ao presidente do Consello Social, quen lla comunicará á Consellería competente en materia universitaria, e se publicará no Diario Oficial de Galicia, data dende a que surtirá efectos.
 - d) Por condena xudicial firme que ocasione a inhabilitación ou suspensión de emprego ou cargo público.
 - e) Por decisión da autoridade, entidade ou institución que o designara.
 - f) Por incumprimento grave ou reiterado nas súas obrigas.
2. As vacantes que se produzan antes da finalización do mandato haberán de cubrirse pola autoridade, entidade ou institución correspondente no prazo máximo de tres meses. Se non se comunicara o acordo de designación dentro do anterior prazo o conselleiro competente en materia universitaria, o posto permanecerá vacante ata o remate do correspondente mandato.
 3. En todo caso, o membro substituto entenderase nomeado polo período que reste do anterior mandato.
 4. No caso dos representantes do Consello de Goberno da Universidade terase en conta o establecido nos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 10.

O Pleno poderá propoñer o cese dalgún conselleiro á autoridade ou órgano que o designou nos seguintes casos:

- a) Se no prazo de tres meses dende que concorra nun conselleiro unha causa de incompatibilidade, e este non elixira un posto ou outro en dito prazo.
- b) A non asistencia non xustificada a máis de dúas sesións seguidas do Pleno ou a non asistencia descontinua e inustificada a máis de catro sesións do Pleno nun ano.
- c) A non asistencia inustificada a máis de tres sesións seguidas da Comisión á que pertenza ou a non asistencia descontinua inustificada a seis sesións da Comisión nun ano.
- d) A non asistencia inustificada ás sesións nas que se debata o presuposto, a programación pluriannual ou os criterios xerais sobre política do cadro de persoal.
- e) Por incumprimento reiterado dos deberes inherentes ao seu cargo.

Artigo 11.

O cargo de conselleiro do Consello Social é honorífico. Non obstante, o presidente e os conselleiros terán dereito a percibir as axudas de gastos de locomoción e dietas de viaxe que puideran corresponderlles por asistir ás reunións do Consello Social, nas contías establecidas na normativa vixente.

TÍTULO 3º

De organización e funcionamento do Consello Social

Artigo 12.

1. Son órganos colexiados do Consello Social:
 - a) Pleno.
 - b) A Comisión Executiva, se a houbera.
 - c) As Comisións Permanentes
2. Son órganos unipersoais:
 - a) A Presidencia.
 - b) A Secretaría.

Artigo 13.

1. O Pleno do Consello Social é o seu máximo órgano de goberno e está integrado por todos os seus membros. Exerce con carácter indelegable a competencia decisoria nas materias ás que se refire nos artigos 3 c) e h), 4, salvo as letras a), g), i), l) e n), e 5, salvo as letras a), h), k), e o), todos eles da Lei de Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, así como as restantes que teña recoñecidas o Consello Social en tanto non se encontren encomendadas a outros órganos do mesmo.
2. Reunirase con carácter ordinario polo menos catro veces ao ano e con carácter extraordinario cando así o acorda o presidente ou o solicitan por escrito firmado, no que se fará constar os motivos da sesión extraordinaria e os asuntos que se desexen incluír na orde do día, seis dos seus membros ou o reitor da universidade. Neste caso o presidente deberá convocar o Pleno nun prazo máximo de sete días hábiles dende a recepción da solicitude.

3. A función das Comisións consistirá en estudar, deliberar e propoñer o Pleno a adopción de decisións sobre materias que lles atribuíran.

Gozarán de capacidade de decisión naqueles asuntos da súa competencia e que o Pleno lle delegara.

O Pleno poderá, en todo momento, reclamar para si o coñecemento de calquera asunto que estivera examinándose nunha Comisión.

Artigo 14.

As reunións convocaraas o presidente mediante comunicación escrita que dirixirá a todos os conselleiros e cunha antelación de polo menos sete días hábiles á celebración da sesión e con indicación da orde do día.

No caso de urxencia ou gravidade, o prazo de convocatoria será de corenta e oito horas.

Artigo 15.

A orde do día dos Plenos ordinarias fixaraos o presidente, considerando de ser o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa debida antelación. Inclúiranse obrigatoriamente aqueles puntos que foron presentados por escrito, avalados mediante firma de seis membros.

Artigo 16.

1. O quórum para a válida constitución dos órganos do Consello Social, así como para a deliberación e adopción de decisións no seu seo, será da metade máis un do número de membros do órgano con dereito a voto.
2. Os acordos e decisións adoptaranse por maioría simple de votos. No caso de empate decidirá o voto do presidente.

As votacións poderán efectuarse:

- a) A man alzada.
 - b) Nominais.
 - c) Secretas, cando así o solicite un membro do Consello. En todo caso serán secretas cando afecten a persoas concretas.
3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Pleno e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

4. A presidencia do Consello Social, a iniciativa propia o, no seu caso, a instancia dalgún membro do Consello, pode invitar para asistir ás sesións dos órganos colexiados, con voz pero sen voto, a persoas expertas e membros da comunidade universitaria, de acordo coa natureza dos asuntos a tratar.

Artigo 17.

Non obstante o disposto no artigo anterior, para a aprobación do presuposto, da programación plurianual e dos criterios xerais sobre a política do cadro de persoal, esixirase o voto favorable da maioría dos membros do Consello.

Esta maioría será tamén esixible en todos aqueles casos nos que o Pleno, por maioría simple dos asistentes, así o decida.

Artigo 18.

1. Os acordos adoptados polo Consello Social posúen executividade inmediata, sen prexuízo dos recursos que poidan interperse. O seu secretario, co visto e prace do seu presidente, remitirá inmediatamente unha certificación dos acordos ao reitorado, así como a cantos órganos, servizos e dependencias da universidade garden relación competencial cos asuntos aprobados.
2. Estes acordos serán notificados aos interesados na forma que proceda, dándose a publicidade oportuna a aqueles que o Consello considere de especial transcendencia para a sociedade.

Artigo 19.

1. De cada sesión levantarase acta, que conterá, como mínimo:
 - a) As circunstancias de lugar e tempo no que se celebrou.
 - b) Número e identificación das persoas que asistiron.
 - c) A orde do día da reunión e os puntos principais de deliberación.
 - d) A forma e resultado da votación.
 - e) O contido dos acordos.
2. Os membros do Consello Social presentes na votación poderán facer constar en acta o seu voto contrario ao acordo adoptado e os motivos que o xustifiquen, así como calquera outra circunstancia que estimen pertinente.

3. A elaboración da acta corresponderá ao secretario do Consello Social. No caso de ausencia deste, a elaboración correspóndelle, con carácter excepcional, ao membro do Consello que designe o presidente.

Artigo 20.

As actas serán firmadas polo secretario co visto e prace do presidente, e aprobaranse, se procede, na seguinte sesión ordinaria do Pleno. As actas serán remitidas xunto coa orde do día da sesión na que deben ser aprobadas.

Artigo 21.

No caso de constituírse a Comisión Executiva á que se refire no artigo 12 deste Regulamento, a súa composición, atribucións e funcionamento serán regulados polo Pleno do Consello Social nunha sesión ordinaria que se convocará para ese efecto.

Artigo 22.

1. O Consello Social poderá constituír as Comisións que estime convenientes, ben con carácter estable ou ben transitorias sobre asuntos determinados.
2. Todas as Comisións serán presididas polo presidente do Consello Social, ou persoa en quen delegue, de entre os membros daquela.

Artigo 23.

1. O secretario do Consello Social será designado e cesado por decisión do seu presidente. Se a designación recaese nunha persoa que non fora membro do Consello Social, actuará con voz pero sen voto.
2. Exerce, no Pleno e todas as Comisións, as competencias propias da secretaría dun órgano colexiado.
3. Son funcións do secretario:
 - a) Levantar actas das sesións do Pleno e Comisións.
 - b) Custodiar o Libro de Actas do Consello Social, así como expedir os documentos e certificacións que resulten das actas e acordos do Pleno do Consello Social.

- c) Facilitar a documentación que os conselleiros lle soliciten en cumprimento do artigo 7, apartados 1 e 2 do presente regulamento.
- d) Levar a contabilidade dos fondos do Consello Social e elevar ao Pleno a proposta relativa aos medios persoais e materiais necesarios para o funcionamento interno do Consello.
- e) Dirixir a labor administrativa así como a de persoal e servizos adscritos á Secretaría do Consello.
- f) Someter anualmente á aprobación do Pleno unha memoria de actividades do Consello, recollendo observacións sobre o seu funcionamento e suxerencias que se poidan adoptar para melloralo.

TÍTULO 4º

Sede e Administración

Artigo 24.

A sede do Consello Social será na localidade de Santiago de Compostela, e empregará os locais que a Universidade habilitará para tal fin.

Artigo 25.

O Consello Social disporá para a súa administración dunha oficina de Secretaría. A dirección e bo funcionamento da mesma serán competencia do secretario do Consello.

TÍTULO 5º

Da forma do Regulamento

Artigo 26.

1. A iniciativa para a reforma do Regulamento pode ser adoptada polo presidente do Consello ou mediante unha proposta firmada por oito membros do Consello Social.
2. As propostas de reforma do regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas. Recibida a proposta, será sometida a votación para a súa toma en consideración polo Pleno do Consello.
3. Para que a reforma sexa adoptada deberá recibir o voto da maioría absoluta do Pleno do Consello. De non ser así, a proposta de reforma considerarase rexeitada e non se poderá interpor unha reforma idéntica ata que transcorra un período de dous anos, salvo que medie acordo dos dous terzos dos membros do Consello.
4. Á reforma do regulamento deberáse aplicar tamén a disposición transitoria segunda da Lei 1/2003, de 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, en orde á súa sanción pola Xunta de Galicia e á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O presente regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos de Universidade de Santiago de Compostela, e das normas legais e regulamentarias de ensinanza universitaria, así como do resto do ordenamento xurídico que fora de aplicación.

Para o que non esta disposto neste regulamento nin nos Estatutos da Universidade, aplicarase o que dispón a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



CONSELLO SOCIAL